



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 01/03/2008.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Serafin Gudín Sabín.

D. José Romero Ledo.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e corenta minutos do día un de marzo de dous mil oito, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iniciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día nove de febreiro do presente ano dous mil oito. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO.- TOMA DE RAZÓN DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL EN ACTA DE SESIÓN PLENARIA.

Dase conta da comisión dun erro material no acordo de inclusión no Inventario de Bens do Concello da antiga escola unitaria de Silvalonga, cedida ó Concello polos veciños dese lugar, acordo adoptado en sesión do vintecinco de maio de dous mil. O erro consistiu na omisión da alta do edificio, téndose incluída soamente a finca na que se atopa, e na súa errónea cualificación como inmovible urbano, e na presente sesión, ademáis da corrección dese erro, vaise incluír no Inventario o edificio da escola de que se trata. A proposta correspondente foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda corrixir o erro material do punto primeiro da parte dispositiva do acordo adoptado no punto terceiro da sesión ordinaria do vintecinco de maio de dous mil, que quedará redactado como de seguido se indica:



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

"Dar de alta no Inventario Municipal de Bens o referido inmovible rústico, debidamente identificado na folla número 42, obrante no correspondente expediente, no epígrafe 1º, Inmubles, no apartado de inmubles rústicos".

TERCEIRO.- ACORDOS SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS.

Dase conta da necesidade de introducir varias modificacións no Inventario de Bens do Concello, para a inclusión de dous inmubles urbanos e para a baixa dun camiño erróneamente incluído. A proposta correspondente foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Incluir no Inventario Municipal de Bens deste Concello, no epígrafe 1, inmubles, e no apartado de inmubles urbanos, os seguintes edificios:

- Antiga escola unitaria de Silvalonga, cedida gratuitamente ó Concello mediante escritura pública de data do catro de maio de dous mil, e que non fora incluída con anterioridade, xunto coa finca na que se atopa, debido a un erro. Trátase, segundo a escritura, dunha casa de dúas plantas, cunha superficie en planta de cento sete metros cadrados, e una superficie construída de douscentos catorce, cunha planta baixa composta de dúas habitacións e dous cartos de baño, e unha primeira planta que ten dúas vivendas, cada unha delas con sala, cociña, baño e un dormitorio. Linda polos catro puntos cardinais coa finca rústica municipal tamén incluída no Inventario, na folla número 42, no epígrafe 1º, Inmubles, no apartado de inmubles rústicos. Trátase dun ben patrimonial, desafectado hai tempo do uso público escolar. Corresponderalle a folla nº 74 dos inmubles urbanos do Inventario.

- Centro Socio Cultural de Chao, Lamas, edificio construído polo Concello, e cuxas características e superficies obran no correspondente expediente, do que se tomarán os datos completos para a nova folla do Inventario. Ocupa parte da finca municipal reseñada na folla 43 no epígrafe 1º, Inmubles, no apartado de inmubles rústicos, coa que linda polos catro puntos cardinais. Trátase dun ben de dominio e uso público. Corresponderalle a folla nº 75 dos inmubles urbanos do Inventario.

2º.- Dar de baixa no Inventario Municipal de Bens deste Concello, no catálogo de camiños pertencentes ó Concello, o camiño nº 459, que vai da estrada provincial DIP-7603 ó límite con Valdoviño, de 529 metros de lonxitude e 4,5 de longo medio, que pasa polo lugar de Bellamorta, porque segundo o indicado na solicitude formulada polos donos da finca na que se atopa ese camiño, o establecido nas escrituras públicas aportadas polos solicitantes e o informado pola arquitecta municipal, trátase dun camiño de servidume pertencente a fincas privadas e erróneamente incluído no seu día no inventario municipal.

3º.- Ordear a realización dos trámites necesarios para a plena efectividade do presente acordo, especialmente no referido á elevación do seu contido ós rexistros públicos que procedan.

CUARTO.- APROBACIÓN INICIAL DE PRÓRROGA NA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta polo Concelleiro de Facenda, Sr. Soto, da modificación por parte de Deputación Provincial da Coruña das Bases para a prestación de servizos tributarios ós concellos da provincia, para posibilitar que se incremente ata o 90 por cento o importe das entregas que se realizan mensualmente a conta da recadación, a aqueles concellos que acorden ampliar o periodo de delegación de competencias, que orixinariamente remataría no ano 2012, ata o 1 de xaneiro do



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2022. A proposta correspondente foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Prorrogar ata o un de xaneiro de 2022 as delegacións de competencias en materia tributaria realizadas por este Concello na Deputación Provincial da Coruña e que rematarían orixinariamente o primeiro de xaneiro de 2012. Esta mesma prórroga aplicarase ás delegacións que se acorden dende a data do presente acordo ata o 31 de decembro de 2011.

2º.- Ordear a apertura dun periodo de exposición pública de trinta días hábiles dende a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

QUINTO.- APROBACIÓN DE NORMATIVA SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.

Dase conta polo Concelleiro de Cultura, Sr. Varela, das propostas de "bases da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2008" e de "bases da convocatoria de subvencións para a promoción do deporte e entidades deportivas", explicando a dualidade da proposta porque se trata de materias que corresponden a dúas concellerías distintas. Explica tamén o Sr. Varela que este ano se incrementa ata 26.000 € a cantidade a repartir, 6.000 deles adicados ó deporte, que aparece unha previsión de axuda ás comisións de festas tradicionais así como ás asociacións que teñen locais propios e que a proposta xa foi acordada coas asociacións inscritas no rexistro municipal. Inclúense tamén nas bases presentadas baremos con puntuacións concretas asignadas, e se establece un sistema de reparto que permitirá agotar a partida presupotaria, ademais de que as solicitudes serán evaluadas por unha comisión na que haberá un representante de cada grupo político do Concello. As propias bases servirán tamén como convocatoria das subvencións de que se trata para o presente ano 2008. A proposta correspondente foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello.

Toma a palabra de seguido o Sr. Bedoya, para dicir que, tal como se adiantou na Comisión Informativa, o seu grupo se absterá na votación deste asunto, para dar unha marxe ó grupo de goberno neste primeiro exercicio da lexislatura, e tamén porque en ningún momento se intentou consensuar co grupo do PP o contido desas bases, como se fixo coas asociacións. Di que haberá que esperar á aplicación das bases, antes de valorar a súa idoneidade.

Interven de seguido o Sr. Márquez, que valora positivamente o incremento do importe a repartir e a igualdade de trato que se pretende aplicar a tódalas asociacións, así como o feito de que se buscase un consenso con esas entidades antes de facer a proposta, e di tamén que espera que o resultado sexa positivo.

O Sr. Alcalde manifesta finalmente que con estas bases e co regulamento de participación veciñal recentemente aprobado, preténdese fomentar a participación do movemento asociativo na vida pública e aínda na toma de decisións, superando o feito ata agora, que foi certamente un inicio axeitado. Remata decindo que queda aberta a posibilidade de modificacións no futuro, cando se vexa como funcionan estas bases, e lamentando que non se podan aprobar estas normas coa unanimidade dos tres grupos políticos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do do PSOE, con cinco abstencións, dos concelleiros do grupo do PP, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda aprobar as "bases da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que



desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2008" e as "bases da convocatoria de subvencións para a promoción do deporte e entidades deportivas", e ordear a realización, coa brevidade posible, dos trámites precisos para a súa entrada en vigor e para a convocatoria das subvencións correspondentes á presente anualidade.

SEXTO.- APROBACIÓN DE ORDENANZA SOBRE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Dase conta polo Concelleiro Sr. Soto, da proposta de Ordenanza sobre normalización lingüística, cuxa presentación fai de hoxe un día importante para San Sadurniño no proceso de dignificación da lingua, en aplicación do indicado na Lei 3/1983, do 15 de xuño, que regula a materia, explicando que se trata de potenciar o uso do galego, sen bilingüismo pero sen exclusións nin discriminación. Di tamén que xa hai unha persoa ocupando a praza de normalizadora lingüística na plantilla do Concello. A proposta correspondente foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello.

Toma a palabra o Sr. Bedoya, para dicir que, tal como se adiantou na Comisión Informativa, o seu grupo votará en contra da Ordenanza de que se trata, porque, sen ter nada contra o galego, por suposto, consideran que se discrimina innecesariamente ó castelán, e que o monolingüismo que se pretende impor pode incluso supor problemas para veciños nados no pobo e galegofalantes, pero que teñen dificultades co galego escrito. Di que se comeza a facer o que noutras autonomías con gobernos nacionalistas que pretenden suprimir o castelán, que o seu grupo considera preferible que a documentación do Concello se faga nas dúas linguas e que a Ordenanza lles parece esaxerada, polo que desde a súa perspectiva, non nacionalista como a do grupo de goberno, consideran necesario votar en contra.

Interven de seguido o Sr. Márquez, que valora positivamente o recoñecemento do dereito de usar o galego, entendendo que os que falan castelán manterán os seus dereitos.

Interven novamente o Sr. Soto, para dicir que o seu grupo si é nacionalista, e na liña das ideas de Castelao, defende o galego con orgullo, como patrimonio cultural de Galicia, para o que desexan un maior impulso que botan en falla noutras administracións, pero que para quen teña problemas co uso do galego, a Ordenanza establece que se utilizará a lingua que se solicite expresamente.

O Sr. Alcalde di que respecta a postura do PP, pero que pensa que ven pantasma onde non hai, que non se trata de discriminar a ninguén polo uso do castelán, pero si de evitar o deterioro do galego e de dar cumprimento a unha lei de normalización aprobada por un goberno non nacionalista senon do PP, que tamén fixo campañas de normalización cando gobernaba.

O Sr. Márquez toma a palabra brevemente para clarear que non tódolos membros do grupo de goberno son nacionalistas, posto que el non é, pero que pensa que se trata do galego, que é unha cuestión que nos afecta a todos.

O Sr. Bedoya fala de novo para dicir que o PSOE non é nacionalista en teoría, pero que no goberno actual está a ter enfrontamentos co BNG, como por exemplo no tema das galescolas, e para preguntar porqué hai que normalizar o que xa é normal, a convivencia das dúas linguas oficiais e reiterar que o seu grupo é partidario do bilingüismo.

O Sr. Varela di que a proposta estaba aberta a calquera solicitude de modificación, que non se formulou oportunamente, e que parecen existir discrepancias no PP, que foi quen aprobou a Lei 3/1983.

O Sr. Alcalde pecha o debate decindo que San Sadurniño é un Concello tolerante, no que se utiliza a lingua que faga falla, pero que a rotulación se fará en galego, como ordea a Lei.



Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do do PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do grupo do PP, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda aprobar a Ordenanza sobre normalización lingüística do Concello de San Sadurniño, e ordear a realización, coa brevidade posible, dos trámites precisos para a súa entrada en vigor.

SÉTIMO- ACORDOS RELATIVOS Á CELEBRACIÓN DO DÍA DA MULLER TRABALLADORA.

Dase conta pola Concelleira de Benestar Social e Igualdade, Sra. Muiño, da proposta de declaración institucional do 8 de marzo, día internacional das mulleres: "Avanzando nos dereitos das mulleres", presentada polo grupo de goberno para a súa aprobación polo Pleno. O texto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello. A Sra. Muiño di que o tema ten especial importancia neste ano 2008, no que están a aumentar as mortes de mulleres pola violencia machista. Seguidamente le a proposta, que literalmente di:

"O 8 de marzo, celébrase o Día Internacional das Mulleres, e con esta conmemoración o conxunto da sociedade lembra os avances que as mulleres conseguiron grazas a súa organización e loita ao longo da historia. Así mesmo, reafirmase o compromiso de continuar este avance e non retroceder nas conquistas acadadas para a construción dunha sociedade baseada na igualdade.

Neste día, a Corporación Municipal declara que segue a ser necesario o compromiso de todas e de todos para non permitir a involución nos dereitos das mulleres e, para reclamar a conquista dos dereitos que aínda están pendentes.

Non imos consentir que se free a construción dunha sociedade igualitaria de tal modo que as mulleres non teñan garantidos os seus dereitos de cidadanía en pé de igualdade cos homes.

As tentativas que houber para recortar o avance dos dereitos das mulleres en medidas reclamadas pola sociedade e que contribuirían ao fomento da igualdade entre mulleres e homes, fan xa que logo máis necesaria a renovación deste compromiso.

As políticas para a igualdade real que se están a desenvolver desde o Goberno galego, fai necesario a contribución dos concellos, desde a administración local, para non retroceder nos dereitos adquiridos pola loita das mulleres, para avanzar nos que faltan por conquistar e para complementar con actuacións municipais que promovan a igualdade nas escolas e entre a mocidade.

Por todo isto, a Corporación Municipal comprométese a

1. Solicitar da Dirección Xeral da Xuventude e Solidariedade, a través da Rede de Centros Quérote, a posta en marcha dun obradoiro afectivo-sexual para a mocidade do concello.

2. Promover obradoiros de igualdade nas escolas."

Toma a palabra o Sr. Bedoya, para dicir que o seu grupo apoiará a declaración, como xa adiantara na Comisión Informativa, e para lamentar que continúe o problema da violencia contra as mulleres. Pregunta tamén que son os obradoiros afectivo-sexuais e a quen irán destinados.

A Sra. Muiño interven para explicar que esa actividade pretende mellorar as actitudes relacionais dos nenos e nenas e irá dirixida ós alumnos do Centro Público Integrado, sobre todo ós de secundaria, aínda que tamén pode servir para primaria con contidos da área de afectividade.

O Sr. Alcalde intervén brevemente para clarear que sempre se impartirán estes obradoiros coa participación do CPI.

Seguidamente a Corporación, sen máis deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida declaración institucional.



OITAVO.- TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN, NO SEU CASO, DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta da resolución dictada polo Sr. Alcalde con data do 31 de xaneiro, mediante a que se aproba a relación definitiva de admitidos ó proceso selectivo para a provisión dunha praza de operario de maquinaria municipal, se designan os membros do seu tribunal, e se determina a data do primeiro exercicio.

A Corporación queda enterada e conforme co contido da referida resolución.

URXENCIA. Antes de pasar ó oitavo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o propio Sr. Alcalde, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: o recoñemento expreso de compatibilidade da arquitecta municipal interina para o exercicio de actividades profesionais fora da súa xornada laboral, atendendo á solicitude formulada oportunamente.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por unanimidade, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA PRIMEIRO. RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE DA ARQUITECTA MUNICIPAL.

Dase conta da solicitude formulada pola arquitecta municipal interina, D^a M^a Montserrat Ruiz Fernández, de recoñemento da súa compatibilidade para o desempeño do seu posto de traballo co exercicio da súa actividade privada, e do informe de Secretaría obrante no expediente. O asunto non foi dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

De conformidade co establecido nos artigos 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, e 50-9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Recoñecer a D^a M^a Montserrat Ruiz Fernández a compatibilidade co exercicio da súa actividade profesional, no estudio de arquitectura "EM2 obradoiro de arquitectos", fora do seu horario laboral no Concello, que, sendo a tempo parcial, comprende as mañás dos luns, mércores e venres, por entender que non se impide nin menoscaba o estricto cumprimento dos seus deberes e non se compromete a súa imparcialidade nin a súa independencia.

2º.- Ordear a inscrición do presente acordo nos rexistros de persoal que procedan, e a súa notificación á interesada, ós efectos oportunos.

NOVENO- ROGOS E PREGUNTAS.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Bedoya formula o rogo de que sexa repostado antes un sinal de Stop que desapareceu da pista que vai de Saavanda a Vilar, na parroquia de Monte.

Pregunta de seguido o Sr. Bedoya porqué foi tapado con terra o paso canadiense que se instalara na pista que vai a Abelleira, se foi por solicitude dos veciños e se estiveron todos de acordo nesa solicitude. O Sr. Alcalde resposta que ese paso causou polémica entre os veciños, pola forma en que se decidira facelo, máis que pola súa necesidade. Se fixo unha assemblea cos veciños da zona e tódolos que acudiron á convocatoria pediron a retirada do paso existente, aínda que existe unha petición de instalar outros tres. Di tamén o Sr. Alcalde que o grupo de goberno pretende que estes asuntos podan ser consensuados cos veciños, antes de adoptar calquera decisión.

Toma a palabra de novo o Sr. Bedoya, para preguntar cando vai ter lugar unha xuntanza cos técnicos que están a redactar o Plan Xeral, con presenza do seu grupo. O Sr. Alcalde resposta que cando sexa posible, pode que nun ou dous meses; tamén se farán xuntanzas e consultas con veciños, asociacións etc.

O Sr. Bedoya pregunta de seguido, en relación coa información aparecida na prensa sobre un investimento de 300.000 € para o Castelo de Naraío, anunciada na recente visita do Ministro de Cultura, cal será a intervención a realizar e de donde procederá a financiación. O Sr. Alcalde resposta que, tras o convenio que o anterior grupo de goberno realizou coa Xunta para a realización de tarefas de limpeza e posta en valor do monumento, vaise iniciar unha segunda fase da intervención, xa prevista con anterioridade e para a que se contaba cun presuposto inicial de entre 150.000 e 200.000 €, presuposto que tras a petición de colaboración feita pola Xunta e atendida polo Ministerio, con cargo ó 1% cultural, será ampliado ata os 300.000 € dos que falaba a información publicada na prensa.

O Sr. Bedoya manifesta a alegría do seu grupo por este incremento, pero lembra que o BNG criticou no seu momento a xestión do PP, entón no goberno, para a cesión do castelo ó Concello, decindo entre outras cousas, que o prazo acordado non permitiría acceder ás axudas do 1% cultural, e pregunta de seguido, en relación coa intervención prevista no adro da igrexa parroquial de San Sadurniño, se o grupo de goberno dispón xa de proxecto para esa obra e da cesión de uso dos terreos, que pertencen ó Bispado. O Sr. Alcalde di que xa está todo en regra, incluso a autorización de Patrimonio, e que soamente falla a financiación.

Pregunta tamén o Sr. Bedoya, en relación coa recente visita do Delegado de Educación ó CPI, se a Xunta vai asumir as obras insistentemente solicitadas polo BNG cando estaba na oposición, como a pasarela de acceso ou o salón de actos. O Sr. Alcalde di que lle foron trasladadas tódalas peticións pendentes, nunha xuntanza coa dirección do CPI e coa APA, e serán estudias, para comprobar a súa viabilidade económica, pero que entende que a Xunta por fin toma en consideración as demandas históricas deste Concello, como o pagamento dos gastos de mantemento do centro. O Sr. Bedoya matiza que iso xa estaba previsto nos acordos marco da FEGAMP, e insiste na súa pregunta de se se farán esas obras, respostándose polo Sr. Alcalde que xa están pedidas e que xa se verá, e que tamén hai que facer outras melloras, como cambiar a instalación eléctrica do edificio de primaria ou cubrir o patio.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e catro minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474